

En todo caso, as instalacións de avituallamento de combustibles deberán cumprir os requisitos técnicos esixibles, así como as condicións de seguridade para as persoas e as cousas, debendo o titular da concesión obter as licencias, permisos e autorizacións conforme a lexislación vixente.»

No prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, o Goberno desenvolverá regulamentariamente o establecido nesta disposición.

Disposición transitoria.

As concesións de liñas regulares de transporte de viaxeiros por estrada que, á entrada en vigor deste real decreto lei, non esgotasen o seu prazo de vixencia subsistirán ata o remate do prazo inicialmente concedido e o das prórrogas que fosen legalmente outorgadas.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciales.*

O artigo 1 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 2 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

O artigo 3 dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

O artigo 4 dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 20.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira.

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)

11835 REAL DECRETO LEI 5/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de contención do gasto farmacéutico público e de racionalización do uso dos medicamentos. («BOE» 151, do 24-6-2000, e 154, do 28-6-2000.)

A protección social ante situacións de necesidade e, de maneira específica, o fortalecemento do Sistema Nacional de Saúde constitúen prioridades fundamentais na acción de Goberno. A evolución dos orzamentos sanitarios non é senón confirmación fidedigna da importancia cualitativa que foron adquirindo os ditos obxectivos.

Con todo, parece imprescindible que o esforzo orzamentario que se vén mantendo quede ordenado de

maneira que se alcancen máis adecuadamente os obxectivos xerais do Sistema Nacional de Saúde ó tempo que se vai incorporando a eles a cobertura de necesidades emerxentes, a cal ha de verse acompañada dun incremento apreciable nos niveis de calidade da atención dispensada.

Á hora de plasma-los obxectivos e actuacións sinaladas, preocupa en grande medida a considerable incidencia do gasto farmacéutico no gasto sanitario total. Por iso, co fin de lograr un mellor aproveitamento dos recursos existentes, deben adoptarse medidas urxentes orientadas tanto á contención do gasto farmacéutico público como á promoción do uso racional dos medicamentos. Dada a natureza e urxencia das ditas medidas convén non demora-la súa aplicación e, en consecuencia, promove-la súa inmediata posta en práctica de modo que poidan ser xa operativas na execución do orzamento vixente.

Nesa liña de actuación, resulta preciso revisar as marxes correspondentes ás oficinas de farmacia e ós almacéns farmacéuticos, así como adoptar outro tipo de medidas orientadas a fomentar o uso de medicamentos xenéricos e a actualizar a normativa reguladora da publicidade dos medicamentos de uso humano.

Por outra banda, no marco da política liberalizadora que o Goberno está a desenvolver, considérase imprescindible flexibilizar algúns aspectos relacionados coa dispensación de medicamentos a través de oficinas de farmacia e, en concreto, cos cualificados como publicitarios, para os que se introduce unha medida da que poden derivar vantaxes para os usuarios a través de reducións nos prezos destes produtos.

As distintas medidas consideradas están destinadas a propiciar avances na cobertura pública das necesidades sanitarias e constitúen un paso adiante para a mellor ordenación do sector.

Na adopción destas medidas, que se integran no conxunto máis amplo das que adopta o Goberno, concorren, pola natureza e finalidade delas, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que esixe o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible, como lembrou, por outra banda, a xurisprudencia constitucional.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2000, no uso da autorización concedida no artigo 86 da Constitución,

DISPONGO:

Artigo 1. *Prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas publicitarias.*

Engádese unha disposición adicional oitava á Lei 25/1990, do 20 de decembro, do medicamento, co seguinte contido:

«Disposición adicional oitava.

O prezo fixado no envase das especialidades farmacéuticas publicitarias será considerado como prezo máximo de venda ó público. Regulamentariamente establecerase o desconto máximo aplicable polas oficinas de farmacia a estas especialidades.»

Artigo 2. *Marxe das oficinas de farmacia.*

Un. Modifícase o artigo 1 do Real decreto 165/1997, do 7 de febreiro, polo que se establecen as marxes correspondentes á dispensación ó público de especia-

lidades farmacéuticas de uso humano, que queda redactado do seguinte xeito:

«1. A marxe profesional das oficinas de farmacia por dispensación e venda ó público de especialidades farmacéuticas de uso humano fíxase no 27,9 por 100 sobre o prezo de venda ó público sen impostos, para aquelas especialidades que teñen un prezo de venda de laboratorio igual ou inferior a 13.035 pesetas. Para as presentacións de especialidades farmacéuticas de prezo de venda de laboratorio superior a 13.035 pesetas, a marxe é de 5.580 pesetas por envase.

2. Sen prexuízo do anterior, a marxe profesional das oficinas de farmacia por dispensación e venda ó público de especialidades farmacéuticas xenéricas fíxase no 33 por 100 sobre o prezo de venda ó público sen impostos.

3. No caso de dispensación de especialidades farmacéuticas publicitarias, as oficinas de farmacia dispoñen da facultade de aplicar descontos de ata o 10 por 100 no prezo de venda ó público, impostos incluídos, fixado no envase, que será considerado prezo máximo de venda ó público, de acordo co previsto na disposición adicional oitava da Lei 25/-1990, do 20 de decembro, do medicamento.»

Dous. As modificacións que a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei poidan realizarse respecto da marxe das oficinas de farmacia ou dos descontos aplicables ás especialidades farmacéuticas publicitarias poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica de aplicación. No marco da presente habilitación, poderanse actualizar anualmente as marxes a que se refire o presente artigo, tendo en conta a evolución do índice de prezos de consumo, a variación do produto interior bruto e o aumento das vendas das oficinas de farmacia.

Artigo 3. *Determinación das marxes das oficinas de farmacia pola subministración de especialidades farmacéuticas ó Sistema Nacional de Saúde.*

1. Engádesse unha disposición adicional ó Real decreto 165/1997, do 7 de febreiro, polo que se establecen as marxes correspondentes á dispensación ó público de especialidades farmacéuticas de uso humano, coa seguinte redacción:

«As marxes das oficinas de farmacia, correspondentes ás receitas de especialidades farmacéuticas dispensadas con cargo a fondos da Seguridade Social ou a fondos estatais afectos á sanidade, estableceranse aplicando á facturación mensual de cada oficina de farmacia polas ditas receitas a seguinte escala de deducións:

Vendas. Total PVP IVE Ata pesetas	Deducción — Pesetas	Resto ata (pesetas)	Porcentaxe aplicable
4.600.000	0	6.200.000	7
6.200.000	112.000	8.300.000	8
8.300.000	280.000	17.100.000	9
17.100.000	1.072.000	29.600.000	10
29.600.000	2.322.000	42.000.000	11
42.000.000	3.686.000	En diante.	13

A facturación mensual calcularase en termos de prezo de venda ó público incrementado co Imposto sobre o Valor Engadido.»

2. O Goberno regulará o procedemento que se seguirá para aplica-lo establecido no número anterior cando se trate de receitas de especialidades farmacéu-

ticas dispensadas con cargo á Mutualidade de Funcionarios da Administración Civil do Estado (MUFACE), á Mutualidade Xeral Xudicial (MUGEJU) e ó Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS).

3. As modificacións que, a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei, poidan realizarse respecto do disposto no presente artigo, poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica de aplicación. No marco da presente habilitación, poderanse actualizar anualmente as marxes a que se refire o presente artigo, tendo en conta a evolución do índice de prezos de consumo, a variación do produto interior bruto e o aumento das vendas das oficinas de farmacia.

Artigo 4. *Marxe dos almacéns farmacéuticos.*

1. Modifícase o artigo 1 do Real decreto 164/1997, do 7 de febreiro, polo que se establecen as marxes correspondentes ós almacéns por xunto pola distribución de especialidades farmacéuticas de uso humano, que queda redactado da seguinte forma:

«A marxe dos almacéns farmacéuticos na distribución das especialidades farmacéuticas de uso humano fíxase no 9,6 por 100 do prezo de venda do almacén sen impostos, para aquelas especialidades cun prezo de venda de laboratorio que sexa igual ou inferior a 13.035 pesetas. Para as presentacións de especialidades farmacéuticas de prezo de venda de laboratorio superior a 13.035 pesetas a marxe é de 1.384 pesetas por envase.»

2. As modificacións que, a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei, poidan realizarse en relación coa marxe dos almacéns farmacéuticos poderán efectuarse regulamentariamente de acordo coa normativa específica de aplicación. No marco da presente habilitación poderase actualizar anualmente a marxe a que se refire o presente artigo, tendo en conta a evolución do índice de prezos de consumo, a variación do produto interior bruto e o aumento das vendas dos almacéns farmacéuticos.

Artigo 5. *Promoción de especialidades farmacéuticas.*

Para efectos dunha maior racionalización das actividades de promoción de especialidades farmacéuticas, o Goberno, antes do 31 de outubro de 2000, actualizará os artigos 17 e 18 do Real decreto 1416/1994, do 25 de xuño, polo que se regula a publicidade dos medicamentos de uso humano.

Disposición transitoria única.

1. Á entrada en vigor do presente real decreto lei, as existencias de especialidades farmacéuticas que se encontren nos almacéns comerciantes por xunto e oficinas de farmacia, así como as que lles subministren os laboratorios farmacéuticos con prezos calculados coas antigas marxes, poderán ser vendidas ou dispensadas ós ditos prezos ata o día 31 de xullo de 2000.

A partir do día 1 de agosto de 2000 as subministracións dos almacéns axustaranse ó establecido neste real decreto lei.

2. A partir do 1 de agosto de 2000, os laboratorios só subministrarán especialidades farmacéuticas nas que figure o prezo calculado de acordo coas novas marxes, ou ben con novas cartonaxes ou ben reetiquetando as actuais con etiquetas adhesivas.

Naquelas especialidades que cambian de prezo, e para identificar que o prezo de venda ó público está calculado en función das novas marxes, a carón do prezo, deberán figura-las siglas M.E.

A etiquetaxe só será efectuada polo laboratorio preparador nas súas instalacións centrais.

3. A partir do día 1 de agosto de 2000, o prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas que cambian de prezo pola aplicación das novas marxes será o que figure coas siglas M.E. a que se refire o número anterior ou o que resulte de realizar sobre o antigo prezo a minoración correspondente.

A facturación das receitas de especialidades farmacéuticas a cargo do Sistema Nacional de Saúde, cerrada ata o 31 de xullo de 2000, liquidarase cos prezos anteriores. As facturacións cerradas a partir de 1 de agosto de 2000, liquidaranse cos novos prezos e a escala de deducións recollida no artigo 3 deste real decreto lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitase o goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

O disposto no presente real decreto lei ten o carácter de lexislación de aplicación xeral dictada ó abeiro do artigo 149.1.16.º da Constitución.

Disposición derradeira terceira.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erratas publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)

11836 REAL DECRETO LEI 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos. («BOE» 151, do 24-6-2000, e 154, do 28-6-2000.)

I

O principal obxectivo da política económica desenvolvida polo Goberno é lograr un ritmo de crecemento económico que permita continuar aproximando os niveis de renda per cápita e de emprego de España ós das economías máis desenvolvidas. Para isto, a política económica debe mante-la liña xa emprendida e avanzar no proceso de liberalización e flexibilización do marco económico no que operan os axentes productivos.

A participación do noso país na moeda única supón un novo contorno de actuación no que se transferiu a responsabilidade da política monetaria ó Banco Central Europeo, perdeuse o tipo de cambio como instrumento

de ganancia de competitividade nominal e a política fiscal axústase ós compromisos adquiridos no Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Neste marco, favorable á estabilidade macroeconómica, a política de oferta adquire unha singular relevancia, posto que se constitúe no instrumento esencial para asegura-lo mantemento dun crecemento elevado e xerador de emprego. Así, esta política debe buscar dous obxectivos fundamentais. Por unha parte, dota-la oferta productiva española da flexibilidade necesaria para lles facer fronte ós aumentos de demanda sen xerar desequilibrios macroeconómicos. Por outra, incentiva-la capacidade de crecemento potencial da nosa economía, como elemento de garantía do proceso de converxencia real. Para a obtención destes fins é condición imprescindible a existencia duns mercados de bens e servizos cun elevado nivel de competencia, o que permitirá o xurdimento de novas oportunidades de investimento e unha evolución adecuada dos custos unitarios de produción da economía española.

Pola súa vez, en liña co acordado no Consello Europeo de Lisboa, resulta imprescindible establecer condicións competitivas en mercados vitais para a actividade económica para promove-la incorporación de novas tecnoloxías e incentiva-lo acceso xeneralizado da nosa poboación á denominada «sociedade do coñecemento».

Adicionalmente, dado o forte incremento da actividade económica experimentada pola economía española nos últimos trimestres, este tipo de medidas adquire unha especial relevancia e urxencia co obxecto de garanti-la permanencia no tempo desta fase de expansión económica.

En síntese, o obxectivo fundamental das medidas contidas no presente real decreto lei, que forma parte dun paquete global de medidas de liberalización da economía española, é aumenta-la capacidade de crecemento potencial e a produtividade da nosa economía, bases do proceso de converxencia dos niveis de renda e emprego cos do resto de países da Unión Europea.

II

O título I conságrase á liberalización dos mercados enerxéticos, incidindo naqueles aspectos que dificultan ou retardan unha competencia efectiva e dando unha maior transparencia que lle permita ó consumidor tomar decisións cun adecuado nivel de información.

En canto ós hidrocarburos líquidos, actúase, por un lado, establecendo as condicións para a apertura do accionariado da principal compañía loxística e garantindo a publicidade das condicións e prezos que se practican a través da Comisión Nacional de Enerxía. Por outro, promóvese a instalación das estacións de servizo en grandes superficies e limitase o número de instalacións de venda de produtos petrolíferos dos grandes operadores. Por último, imponse a obriga de comunica-los prezos practicados polas distintas estacións de servizo, co obxecto de informar puntualmente os consumidores. Trátase, polo tanto, de facilita-la comercialización por xunto con actuacións na loxística primaria e de promover unha maior competencia na distribución polo miúdo.

No sector do gas natural, as actuacións van encaimiadas fundamentalmente a facilita-la entrada de novos comercializadores, a mellora-la xestión técnica do sistema gasista e a acelera-lo calendario de liberalización. Para iso, ábrese o accionariado da principal empresa transportista, á que se lle encomendan as funcións do xestor técnico do sistema, figura que se crea, co que se consegue unha maior obxectividade e transparencia na utilización de instalacións de transporte. Ademais, asígnaselle o 75 por 100 do gas procedente de Alxeria, a través do gasoducto do Magreb, ó citado xestor técnico do sistema, quen deberá utilizar este gas para submi-